



**NORMATIVA DE POSTOS**  
**FEIRA DO VIÑO DO RIBEIRO**  
**2017**

## **1.- DATA LÍMITE DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

Os solicitantes de postos terán de prazo para entregar a solicitude ata o día 28 de Abril de 2017.

## **2.- PREZOS PARA POSTOS**

Establécese o prezo de 50 euros por postos de 4 metros. Cada metro de posto a maiores terá un custo de 10 euros adicionais.

## **3.- FORMAS DE PAGO**

Ingreso na conta de **ABANCA ES23 2080 5332 8231 1002 5794**. Indicando no concepto o tipo de posto solicitado e o nome do responsable do mesmo.

**NOTA: É imprescindible entregar á organización o xustificante de pago.**

## **4.- DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA**

- Copia do DNI, CIF, permiso de residencia, pasaporte, etc...
- Copia da alta en autónomos, cooperativa ou similar.
- Alta no IAE .
- Copia dos carnés ou certificados de manipulador de alimentos.
- Certificados da seguridade social e de facenda.

**NOTA: É imprescindible dispor da documentación no posto durante os días do evento.**

## 5.-NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO

As normas que se detallan a continuación son de obrigado cumprimento para as persoas que opten a un posto na Feira do Viño, non respetalas leva consigo varias penalizacións, podendo chegar ao peche definitivo do posto.

- Remitir a solicitude debidamente cumprimentada e copia do ingreso da taxa, xa sexa por correo postal, correo electrónico ([cultura@ribadavia.es](mailto:cultura@ribadavia.es)) ou persoalmente.

- Os postos de alimentación non poderán vender viño.

- Respetaránse escrupulosamente as medida dos postos.

- As persoas que manipulan alimentos terán que cumprir as debidas condicións hixiénicas.

- Durante o horario de funcionamento do recinto, non está permitido o uso de equipos de son, nin instrumentos musicais, como tambores, entre outros, salvo os debidamente autorizados e os que estean programados para determinados horarios, e por suposto, os empregados polos grupos de animación contratados pola organización do evento.

- Todos os postos deberán permanecer abertos durante o horario de celebración do evento.

- O espazo empregado para a instalación do posto de venda, deberase deixar no mesmo estado de limpeza e conservación no que se atopaba previo á montaxe.

- Todos os participantes son os responsables do coidado e mantemento do espazo que ocupa o seu posto, manténdoo nas condicións de estética e hixiene que un evento destas características require. Non estando permitido acumular lixo no seu posto ou a súa contorna, estando obrigados a trasladala aos colectores e lugares dispostos para tal fin.

## **6. NORMATIVA SANITARIA**

- O titular e as persoas que se atopen atendendo ao público, no caso dos postos de alimentación, deberán estar en posesión do carné de manipulador de alimentos.
- O lixo que se orixina durante o día, non pode acumularse no posto, senón trasladarse aos colectores e lugares dispostos para tal fin

## **7. MONTAXE E RECOLLIDA DOS POSTOS**

- A montaxe dos postos correrá por conta dos solicitantes e deberán respectar en todo momento as dimensións máximas estipuladas pola organización en cada caso.
- Os horarios de inicio da montaxe serán facilitados pola organización.
- Os participantes comprométese a colocar o posto no lugar asignado.
- O desmote dos postos realizarase deixando o espazo utilizado nas mesmas condicións de orde e limpeza no que se atopaba antes da instalación.
- Por razóns de seguridade e/ou organizativas, a organización resérvase o dereito de facer calquera cambio ou modificación na localización e dimensións dos postos.

## **8. CLAÚSULAS**

- A organización non se fai responsable dos danos ocasionados por calquera fenómeno meteorolóxico, nin dos roubos que poidan producirse durante o evento. Deste xeito, calquera dano ou dano causado a un mesmo ou a terceiras derivado de descoidos, accidentes, vandalismo, etc. tampouco será responsabilidade da organización.
- A organización non se responsabiliza das modificacións que poidan producirse por causas alleas ou de forza maior.